

## **DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA**

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa Consistorial o vindeiro **día 19 de XANEIRO/2018 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para tratar os asuntos relacionados no seguinte

### **ORDE DO DÍA**

#### **I) PARTE DISPOSITIVA**

**1º.-** Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior: 15.12.17 (Ordinaria).

**2º.-** Resolución de alegación presentada por parte interesada en relación ao inventario de Bens e Dereitos do Concello de Valdoviño.

**3º.-** Aprobación de convenio de delegación de competencias para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da Policía Local e as prazas de auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.

**4º.-** Modificación dos puntos 4.3 e 4.4 do prego de cláusulas administrativas do procedemento de contratación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Valdoviño.

## **II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

**5º.-** Dar conta ao Pleno de decretos da Alcaldía. (Emitidos dende o 7/12/17 ao 29/12/17).

**6º.-** Dar conta de informes económicos.

**7º.-** Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

En Valdoviño a 16 de xaneiro de 2018  
O alcalde,

Alberto González Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE